Xuño 2022

Boletín Informativo AEF

ferrolterra
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS

Xornada Formativa sobre os Fondos Next Generation

Asistimos, no salón de actos da Cooperativa do Val, a unha xornada formativa sobre os fondos Next Generation; unha iniciativa organizada polo Concello de Narón.

Beatriz Alonso, licenciada en Ciencias Políticas e Socioloxía, na especialidade de Administración Pública pola Universidade Complutense de Madrid, foi a persoa encargada de informar os asistentes acerca deste programa de axudas.

Como captalos, que fondos específicos hai, como solicitalos ou cales son as oficinas encargadas de tramitalos foron algúns dos temas que se abordaron.

Contido:

Xornada Fondos Next Generation	1
Inauguración de "Atenda"	3
Xornada Reforma Laboral	4
Solicitude Narón Transición Xusta	5
Examen ICE	6
Oferta FP Dual IES Fene	7

Charla—Coloquio Axuda Humanitaria Guerra Ucraína

O noso vicepresidente Benjamín Teijeiro asistiu a chárlaa-coloquio organizada por Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol e na que interveu Francisco Lorenzo, director de Acción Social de Cáritas Española, que reflexionou sobre a xestión das emerxencias sociais e humanas en xeral e en particular sobre a actual provocada pola situación bélica en Ucraína.

Charla Programa Atrévete 21-22

Nonito Aneiros, en representación da AEF, participou no CIFP Ferrolterra na Charla de Fomento do Emprendemento, enmarcada no Programa Atréveche, na que contou a súa experiencia emprendedora aos alumnos de 5º e 6º de primaria do CEIP Ou Marbán das Somozas e aos alumnos de 2º de ESO do CPI San Sadurniño.

Inauguración de “Atenda”

O CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, inauguro un novo espazo de tecnoloxía **“Atenda”.**

Esta actuación, enmarcase no Programa “Espazos de tecnoloxía aplicada”, da consellería de cultura, Educación e Universidade, para a conversión de aulas tradicionais en Espazos de tecnoloxía aplicados á Formación Profesional.

O Rodolfo Ucha foi un dos centros seleccionados dentro deste programa, coa súa proposta “Tenda Intelixente e almacén robotizado 4.0”. Trátase dun espazo orientado ao alumnado dos ciclos formativos da familia profesional de "Comercio e márketing" que permite implementar tendas de calquera tipo e que conta ademais cun almacén robotizado. **O alumnado poderá poñer en práctica moitos dos coñecementos impartidos nos ciclos formativos da familia profesional de "Comercio e márketing" nun entorno próximo á realidade.**

Enrique González, asistiu á inauguración.

Parabéns desde a AEF por este excelente traballo!!!

Xornada “A nova reforma laboral”

A reforma laboral RD-Lei 32/2021, e en concreto a temporalidade dos contratos, os contratos fixos descontinuos e réxime transitorio, xunto coa subcontratación, negociación colectiva e os ERTES, foron os dous bloques que centraron a xornada que baixo o título “A nova reforma laboral. Os retos das empresas no novo escenario” tivo lugar o 6 de maio organizada pola Asociación de Empresarios Ferrolterra, e coa que se quixo dar resposta a diferentes cuestións que existen respecto a a nova reforma laboral.

A xornada que se desenvolveu en formato almorzo de traballo, asistiron empresarios e responsables de RRHH de 40 empresas asociadas; contou coa colaboración de Vento Avogados & Consultores. As relatoras da xornada Catarina Capeáns, socia responsable da área de Dereito Laboral de Vento Avogados & Asesores e Sandra Ríos avogada da área de Dereito Laboral de Vento Avogados & Asesores, analizaron desde un punto de vista práctico as novas medidas que introduce a reforma laboral, os retos aos que se enfrontan as empresas en materia de contratación temporal e negociación colectiva.

Os asistentes expuxeron numerosas dúbidas respecto a as modificacións e aspectos que non se modificaron coa nova reforma.

A realización dunha nova xornada en colaboración coa Inspección de Traballo foi unha das propostas realizadas polos asistentes, e que a AEF tratará de organizar proximamente.

Solicitude para incluír a Narón no protocolo de Transición Xusta de As Pontes

A alcaldesa, Marián Ferreiro, e o presidente da Asociación de Empresarios Ferrolterra (AEF), Ángel José Torreiro, asinaron esta tres cartas dirixidas ao Goberno central, a Xunta de Galicia e a Federación Española de Municipios e Provincias instando ás administracións a que inclúan a Narón no protocolo de Transición Xusta de As Pontes. No acto da sinatura estivo tamén presente o edil de Promoción Económica de Narón, David Pita.

A rexedora local recordou que o pasado mes de novembro o Concello aprobou no pleno unha moción na que se se solicitaba a inclusión de Narón no ámbito xeográfico do convenio de Transición xusta de As Pontes, que lamentablemente, indicou, non foi atendida. “Para sorpresa do Concello e do propio tecido empresarial desta cidade, tanto o Goberno central como a Xunta continúan desoíndo a nosa petición, que non é outra que que se inclúa a Narón no Plan de acción urxente para comarcas do carbón e centrais en peche 2019-2021, como municipio afectado polo peche da térmica pontesa”, recalcou.

No escrito alúdese á traxectoria empresarial de Narón e ás graves consecuencias que suporá quedar fóra do citado plan. Ante a actual situación, dende o Concello e a AEF advirten sobre “o impacto dos peches sobre as empresas asentadas na cidade, que será considerablemente superior ao doutros concellos que forman parte dese plan de actuación urxente, atendendo a que Narón é actualmente o motor industrial da comarca e nesta localidade teñen as súas instalacións varias empresas que traballan como subcontratas ou subministradoras de materiais e/ou servizos para a térmica pontesa”. O peche da central, tal e como denunciaron Ferreiro e Torreiro, “suporá previsiblemente o despido de persoal das compañías asentadas en Narón ante a falta de carga de traballo procedente das citadas instalacións”.

A alcaldesa e o presidente de AEF incidiron na “situación de desamparo na que se atopa actualmente o concello de Narón e o sector empresarial asentado na cidade, ao non poder optar ás liñas de axudas que se establecerán para paliar os graves efectos do peche da térmica”.

Dende o Concello e a Asociación de Empresarios Ferrolterra insisten en que “non pedimos máis que un trato igualitario, que atenda á situación do noso concello e do tecido empresarial da cidade, para poder ter as mesmas alternativas de futuro que o resto de localidades afectadas polo peche da central e poder acceder ás axudas que se establezan para impulsar novos proxectos na zona”.

Examen ICS Nivel 1

Na mañá do 19 de maio tivo lugar nas nosas instalacións o exame para Inspector de Construcións Soldadas Nivel I.
O curso previo realizámolo no mes de abril e foi impartido por CESOL.

Bolsas Reutilizables

Estás interesado en bolsas de papel reutilizables para a túa empresa? Témolas na AEF, contacta connosco no 981 333 305.

Curso “Iniciación bobinador/a de motores eléctricos”

O Concello de Narón ten aberto o prazo de inscrición para o curso de “Iniciación bobinador/a de motores eléctricos”, de 200 horas de duración, enmarcado dentro do Programa municipal de formación.

Está dirixido a persoas maiores de 18 anos, empadroadas en Narón, desempregadas e que non teñan concedido ningún outro curso nas datas de realización, que serán, previsiblemente, do 11 de xullo ao 31 de agosto.

As 10 prazas dispoñibles cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Sede Electrónica: https://bit.ly/CursoBobinadorNarón2022

+Info: www.naron.es/web/cat/gal/noticias/get/5136 e no 981337700, ext 1108 e 1109

Oferta FP Dual IES Fene

O IES de Fene oferta dous ciclos de FP Dual con «moita demanda de profesionais» (Electromecánica de vehículos automóbiles e de Instalacións de produción de calor).

Na FP Dual o alumnado realiza prácticas remuneradas desde o primeiro curso e as empresas teñen a oportunidade de formar a profesionais cualificados en sectores nos que non é sinxelo atopar persoal.

ferrolterra
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS

Edita, coordina e deseña: Asociación de Empresarios Ferrolterra
Fotografía: Arquivo gráfico AEF, Freepik.es.
Punta Arnela, s/n. Edificio Usos Múltiples, 2º. 15405 Ferrol

Tel. 981 333 305
Tel. móvil. 650 465 161
info@empresarios-ferrolterra.org
www.empresarios-ferrolterra.org

Horario de atención aos socios:

De luns a xoves de 8,30 a 14,30 e de 16,00 a 18,00 horas.
Venres de 8,00 a 15,00 horas

Coñece a AEF

Proxecto cofinanciado por Concello de Narón no ano 2022

NARÓN